

## Acelerador de transferencia

### FAQs

#### Podo pedir financiamento para iniciar ou continuar un proxecto de investigación?

Non. O acelerador de transferencia non financia investigación. Fináncianse proxectos de achegamento ao mercado de resultados de investigacións xa rematadas. Debe de estar claramente identificada a fenda entre o resultado no estado actual e a súa aplicación.

#### Podo presentar unha proposta baseada nun resultado de investigación que non está protexido?

Si. O nivel de protección (xa sexa a través dunha patente ou doutra forma) dun resultado de investigación é un criterio de avaliación dos proxectos pero non unha condición excluínte.

#### Existen limitacións no tocante a área de coñecemento?

Non. Este programa está aberto a todas as áreas de coñecemento da USC.

#### Os proxectos presentados poden incluír accións que necesiten de persoal ou recursos alleos á universidade?

Si, en función das súas necesidades.

#### Pódese solicitar financiamento para mercar equipamentos?

Non. Como se trata de proxectos de curta duración a opción máis razoable nestes casos é solicitar contratacións de servizos alleos.

#### Podo presentar máis dun proxecto ao Acelerador de Transferencia?

Si, pero deberá considerarse que dadas as limitacións orzamentarias existentes o número de proxectos aprobados será moi pequeno, e priorizaranse aqueles que realmente cumpran cos criterios de avaliación.

#### Podo presentar un proxecto baseado nun resultado de investigación acadado noutra universidade ou centro de investigación?

Non. A USC debe de ser a propietaria do resultado de investigación, de forma exclusiva ou compartida con outras entidades.

#### Podo contar con asesoramento para a presentación dunha proposta?

Si. A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento asignará a cada proxecto un técnico de transferencia de apoio.